



## INSTRUCCIÓN 2/2025 SOBRE O CÓMPUTO DE INGRESOS PARA O ACCESO ÁS VIVENDAS PROTEXIDAS

Con data 20 de xaneiro de 2025 o Consello da Xunta adopta o Acordo polo que se determinan os ingresos para acceder ás vivendas protexidas.

A partir do día seguinte ao da publicación do dito Acordo no *Diario Oficial de Galicia*, quedarán sen efecto as Instrucións 6/2016 e 4/2019, e aplicaranse, tanto a VPP como VPA, os tramos de ingresos definidos no dito Acordo.

Coa finalidade de fixar unha unidade de criterio na materia, establécense as seguintes regras para o cálculo e ponderación de ingresos:

a) Sumaranse as casiñas correspondente a base imponible xeral e a base imponible do aforro da última declaración da renda co prazo de presentación vencido, reguladas nos artigo 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto da renda sobre as persoas físicas.

b) No caso de que as unidades familiares ou de convivencia non acaden 0,7 veces o IPREM, non serán de aplicación os coeficientes multiplicativos correctores nin os gastos deducibles e as reducións por rendementos do traballo previstos no imposto sobre as rendas das persoas físicas.

c) Igualmente para o cálculo destes ingresos terase en conta, cando sexan adecuadamente acreditados, os exentos de tributación: prestacións de incapacidade permanente ou grande invalidez, prestacións familiares por fillo a cargo, pensións de orfandade ou calquera outra prestación exenta de tributación.

Tanto as anteriores regras como os tramos e coeficientes multiplicativos fixados polo Acordo, co fin de determinar os ingresos para o acceso ás vivendas, serán aplicables ás VPP e ás VPA cualificadas ao abeiro de calquera plan estatal, agás, neste último caso, que a aplicación do plan de que se trate sexa máis favorable.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
O director xeral do IGVS  
Heriberto García Porto

